

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A
DIÓCESE DE TUI-VIGO PARA O EMBELECEMENTO DA CONTORNA DA ROMARÍA DA
FRANQUEIRA**

En Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.


E doutra parte, **D. Javier Alonso Docampo**, DNI 76991715C, párroco da Nosa Señora da Franqueira, que actúa en nome e representación da Diocese de Tui-Vigo, NIF R3600056J.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.




Segundo.- Que o 26 de outubro de 2017 asinouse un convenio de colaboración entre o concello da Cañiza e a Axencia Turismo de Galicia para o acondicionamento interior do núcleo da Franqueira. As actuacións céntranse en todo o conxunto de rúas interiores do núcleo para completar o proceso de remodelación que xa se está executando.

A actuación centrouse no pavimento, detalles de encontros entre rúas e vivendas, sumidoiros e cambio de luminarias existentes. Trátase dunha obra de mellora e humanización dun espazo histórico moi degradado na actualidade.

A Franqueira é unha parroquia do concello da Cañiza, no que se erixe o santuario de Nosa Señora a Virxe da Franquiera, que rende culto á imaxe da Virxe da Fonte. Son coñecidas as romarías, declaradas de interese turístico de Galicia e por ser unha das imaxes marianas máis antigas de toda Galicia xunto coa Virxe da Barca e a das Ermitas. Trátase dun lugar que acolle a miles de peregrinos e visitantes que acoden ao santuario, e que conta cunhas magníficas vistas desde os Miradoiros do paradanta e con extensas áreas recreativas.

Terceira.- Que preténdese completar as actuacións obxecto do citado convenio asinado no ano 2017, coa realización das actuacións obxecto do presente convenio para o embelecemento da contorna da romaría da Franqueira (obras no altar e fondo do Santuario, plantación de árbores), para o que é preciso asinar o presente convenio de colaboración coa Diócese de Tui-Vigo por ser a titular dos bens nos que se van a realizar as citadas actuacións.



Cuarta.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a realización do proxecto referido no expoñendo anterior por tratarse dunha iniciativa de relevancia na oferta turística galega vinculada aos seus recursos turísticos, entre os que se atopan as festas de interese turístico de Galicia, e que persegue o impulso turístico do concello e da zona. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Diócese a única que pode realizar a actuación descrita no expoñendo anterior.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS


Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Diócese de Tui-Vigo para o embelecemento da contorna da romería da Franqueira.

Segunda.- Orzamento, financiamento e gastos subvencionables

O orzamento previsto para estas actuacións ascende a 66.811,36€ (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

Obras en altar e fondo.....	7.000€
Fondo do altar para esculturas.....	5.600€
Plataformas para imaxes en formigón abujardado.....	28.800€
Plantación de árbores.....	5.000€
Total execución material.....	46.400€
19,00% Gastos xerais + Beneficio industrial.....	8.816€
21,00% I.V.E.....	11.595,36€
TOTAL ORZAMENTO	66.811,36€



A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de **66.811,36€** para posibilitar a realización das actuacións, o que supón o 100% do orzamento máis arriba indicado, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.1, código de proxecto 2015 00005, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2018.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida anteriormente, e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Terceira.- Compromisos das partes


a) A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir a Parroquia no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

b) A Diócese queda obrigada á realización das referidas actuacións, comprometéndose a:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
2. Supervisar as actuacións obxecto do convenio, así como a súa execución.
3. Solicitar os permisos e autorizacións pertinentes para a súa execución.
4. Incluír en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así como a "Marca Turística de Galicia" regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
5. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no punto 4.
6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.



8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
9. Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
10. Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.
11. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
12. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- 
- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
 - b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
 - c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
 - d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa



autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia.

Sétima.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).



d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.


Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.



Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total do orzamento estimado para cada unha das actuacións.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2018**.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio, por importe do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación



presentada. Para proceder ao seu pagamento, o concello deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados deberá prestarse garantía que cobra o 110% do importe das cantidades pagadas a conta e anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do devandito Regulamento. En todo caso quedarán exentos de garantía os pagamentos a conta e anticipados que non superen no seu conxunto os 18.000€, de conformidade co artigo 65.4.i).

Novena.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes designados pola Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Modificacións do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.


As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo primeira.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.




As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do presente convenio.



Décimo terceira.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.


Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

 Décimo cuarta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Vixencia



Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia

Mª Nava Castro Domínguez

O párroco da Nosa Señora da Franqueira

Javier Alonso Docampo



Santuario de
Nosa Señora da Franqueira
Igrexa, 1
36889 A Cañiza. Pontevedra.
www.afranqueira.org